

# Coidados infantís.

## **Introducción:**

É moi importante coñecer as condicións nas que se actúa sobre os/as nenos/as e son educados/as, para saber se e necesario cambiar o mellorar algúns ámbitos nos seus coidados. Aquí estan recollidos algúns deses aspectos.

## **Índice:**

### **1. Que son os coidados infantís?**

Coidado infantil é o coidado ou supervisión dun/dunha menor, usualmente denede a idade de seis semanas ata os trece anos.

É a acción ou habilidade para coidar de nenos e nenas en garderías, ou mediante aias ou outro servidor.

A proporción de nenos/as por adulto é importante porque ten un efecto directo no grao de supervisión que recibe o/a neno/a. Un pequeno número de nenos/as por provedor de coidado é máis importante para bebés e nenos/as pequenos/as.

Os requisitos de licenza tamén limitan o número de nenos/as que se poden agrupar para o seu coidado.

O coidado infantil está cuberto nun amplo espectro de contextos, actividades e institucións, a maioría destas institucións deben ter extenso adestramento en primeiros auxilios e certificacións de adestramento en reanimación cardiopulmonar. É necesaria a revisión de antecedentes penais e a revisión de test de uso de drogas dos/das coidadores/as en todos os centros.

### **2. Ata que idade se consideran coidados infantís?**

Considéranse coidados infantís ata os 12 ou 13 anos porque é o paso da educación primaria a secundaria. Tamén porque a ollos da lexislación española os/as menores de 12 anos non poden declarar ante un xuíz.

### **3. Coidados infantis na ensinanza.**

-Na ensinanza: un centro de educación primaria e secundaria respondeu as seguintes preguntas.

1. O profesorado ensina ao alumnado os autocoidados e o coidado mutuo na súa aula?
2. A importancia da linguaxe para o coidado.

3. A importancia de expresar os sentimentos para ser coidado/a ou para coidar.
4. A igualdade no reparto de tarefas dentro do aula.
5. Cantos rapaces e rapazas de entre 0 a 12 anos chegan aos vosos centros ao ano?
6. Cales son as condicións nas que chegan referido aos coidados?
7. Cómo é o trato que reciben os nenos e nenas no cenro educativo?
8. Se se poñen enfermos/as quen os/as leva a consulta pediátrica? A nai ou pai?
9. Quen se preocupa polos seus estudos? (varias sesións de tutoría) A nai ou o pai?  
Preocúpense eles/as mesmos/as polos seus estudos?
10. Como é o trato sobre os coidados que lle da o profesorado?
11. Cambian os coidados respecto ao infantil e primaria?
12. Como son os coidados que recibe o alumnado con dificultades?
13. Programades as sesións de tutoría ou son espontáneas, é dicir, chamanvos os/as tutores/as legais de cada alumno/a?
14. Como afectou o Covi-19 aos coidados do alumnado e entre eles/as mesmos/as? A quen afectou máis aos de primaria ou aos de secundaria?

### **Orientadora:**

*Pregunta 1:* Si.

*Pregunta 2:* Potenciar a linguaxe oral así como o escrito e tamén darlle importancia ás imaxes.

*Pregunta 3:* É moi importante o coidado emocional. Se por exemplo hai un neno ou nena que ten moita rabia ou está moi estresado/a dámoslle pautas para controlarse:

- Darlle a coñecer ese sentimento ao alumno/a.
- Intentar frenar o impulso e ir algún sitio tranquilo no que poda relaxarse.
- Buscar actividades que o relaxen.
- Por último, falar da situación co alumno/a e tentar solucionarlos.

*Pregunta 4:* Non hai discriminación entre sexos. Trátaselles a todos/as por igual. Todos/as fan as mesmas tarefas.

*Pregunta 5:* Non sabemos as cifras exactas, mais chegan arredor de 14 en primaria e 25 en infantil.

*Pregunta 6:* Está claro que o maior peso é na casa, xa que dende aquí non podemos ensinarlles todo. Aínda así fálanse con eles/as e se lle dan charlas.

*Pregunta 7:* Sempre é respectuoso. Tratan de inculcarlles aos nenos e nenas compañerismo e cooperación entre eles e elas.

*Pregunta 8:* Nais, aínda que cada vez os levan os dous.

*Pregunta 9:* Nais, aínda que cada vez os levan os dous.

Ao alumnado non lle soe gustar estudar, gústalle aprender. Isto foméntase e así os nenos/as vólvense curiosos/as e poden ter liberdades cara o futuro. As veces hai casos onde os pais forzan aos nenos/as para estudar e sacar boas notas dende o principio.

*Pregunta 10:* O profesorado ensínalles un respecto polo material, compañeirismo mutuo e cara os profesores/as.

*Pregunta 11:* Si. Evidentemente os nenos/as de infantil precisan máis coidados. Foméntase máis os autocoidados, axúdannos a prepararse a merenda, a limpar, etc..

En cambio, en primaria os coidados céntranse máis en que sexan autosuficientes.

*Pregunta 12:* Inténtase que o trato sexa igualitario, xa que eles/as teñen os seus propios tutores/as e son quenes se encargan principalmente dos seus coidados. Pero tamén fomentamos a integración entre os nenos/as da clase así como o respecto.

*Pregunta 13:* Normalmente chaman os titores/as ao centro para reunirse, pero se hai algún problema cos alumnos/as é o centro o que se pon en contacto cos titores/as.

*Pregunta 14:* Todos/as adaptáronse ben, tanto a máscara como as medidas.

Afectou de maneira que a algúns alumnos/as notaselles desanimados/as ou máis apagados/as e solitarios/as. Afectou máis aos nenos/as de máis idade.

### **Profesoras:**

Dúas profesoras de sexto e terceiro de primaria do centro contestaron algunhas destas preguntas.

*Pregunta 1:* Si

*Pregunta 4:* Nas aulas hai unha igualdade de tarefas.

*Pregunta 7:* Se existe algún problema entre eles fálase primeiro co titor ou titora e logo con orientación.

*Pregunta 8:* Normalmente a nai

*Pregunta 9:* A nai

*Pregunta 10:* O profesorado trata de darlles exemplo e falar con eles, ofrécenlles axuda e fan debates.

### **Nenos e nenas:**

Tamén tivemos a sorte de poder preguntarlles a algúns nenos/as de 4o infantil e que nos deran a súa opinión.

*Pregunta 1: quen cociña na casa normalmente?*

A nai normalmente, aínda que algúns dixeron que turnábanse ou que facían a comida as avoas.

Tamén había unha nena que tiña dúas nais polo que só cociñaba a nai.

*Pregunta 2: quen vos leva ao médico?*

Papá e mamá ou os avós

## **4. Enquisas a dous centros de coidados infantís.**

### **Preguntas:**

Príncipe Felipe/ [Hogar Infantil Emilio Romay](#)

#### **❖ Emilio Romay:**

*1. Cantos rapaces e rapazas de entre 0 a 13 anos chegan aos vosos centros ao ano?*

No Fogar Infantil aténdense a nenas e nenos con idades comprendidas entre os 0 e 12 anos, polo que non chega ningún de 12 anos en diante.

Non se pode precisar un número de altas xa que depende do movemento de menores que haiba. O tempo de estancia é temporal e variable. Mentres as prazas están ocupadas non poden acceder novas nenas/os.

Ao longo destes anos podemos dicir que todas as prazas conveniadas estiveron ocupadas (27 con medida de protección e 20 con medida de apoio técnico) .

## *2. Cales son as condicións nas que chegan?*

O que vemos no Fogar é moi diverso. A maioría das nenas e nenos precisan un acompañamento profesional cun dobre obxectivo: educativo en canto á socialización básica e terapéutico en canto a que poidan acceder á axuda para poder construír e elaborar a súa historia.

## *3. Cómo é o trato que reciben os nenos e nenas nos centros?*

No Fogar hai un compromiso ético e profesional, polo que a práctica de respecto en todas as esferas da súa vida é unha prioridade. Podemos dicir que existe un recoñecemento por parte delas/es, das familias e dos equipos que interveñen (dos servizos sociais, sanitarios, escolares) así como doutras/os observadores privilexiados das condicións das/os menores.

## *4. Se se pon enfermos quen os leva ao hospital ou quen os trata? Quen se preocupa polos seus estudos?*

No centro hai diferentes profesionais que prestan unha atención integral as nenas e nenos nas diversas actividades da vida cotiá, mais cada menor ten unha/un titora/or que actúa como persoa de referencia para todas as cuestións que afecten á nena ou neno.

Ademais hai un traballo educativo e psicosocial importante coas súas familias, polo que aquelas actividades que poidan realizar non as substitúen o persoal do centro, se complementan. O contido das actividades se desenvolve de acordo ás características persoais e necesidades de cada unha.

A titora ou titor é a persoa responsable do seguemento das cuestións de saúde, escolares, lecer, etc da nena ou neno, non obstante hai unha necesaria colaboración entre todos os profesionais que traballamos cas/os menores e apoio ás familias xa que as necesidades non se formulan fragmentariamente, as accións resolutivas son froito do traballo conxunto.

## *5. Como é o trato que lle da a sociedade?*

A integración escolar e comunitaria nas contornas normalizadas de convivencia, fai con moita frecuencia que teñamos que resignificar a acollida das nenas e nenos, explicando a nais, pais, profesorado, etc. a nosa posición profesional e de compromiso co respecto polas/os menores e a súa orixe. Dende o centro traballamos continuamente por construír unha

identidade, alonxada daquela que victimizaba á infancia e dificultaba as súas posibilidades de construír unha identidade saudable.

### ❖ **Príncipe Felipe:**

#### *1. Cantas rapazas e rapaces de entre 0 e 13 anos chegan aos vosos centros ó ano?*

O número de menores que chegan ó ano nunca é unha cantidade determinada, hai épocas nas que ingresan máis e outras nas que apenas ingresan.

Príncipe Felipe ten un convenio coa Xunta de Galicia polo cal a Consellería de Política Social a través do Servizo de Familia e Infancia dispón dun número de prazas do que fai uso segundo a necesidade que teña.

Ademais desas prazas tamén hai outras reservadas a nenas e nenos provintes dos servizos sociais de base dos concellos de toda a provincia; estes son os que chamamos nenos e nenas de diputación.

Tamén atendemos a un número de menores en réxime de centro de día que acuden ó centro despois do seu horario lectivo nos colexios da contorna; aquí comen, fan estudo e actividades extraescolares ó longo da tarde e despois voltan ás súas casas; deste xeito damos apoio ás familias que teñen problemas para atendelos por causas económicas ou laborais.

Dentro da incertidume dos datos de ingresos están os MENA ou menores extranxeiros non acompañados. Normalmente son todos maiores de 13 anos, polo menos no noso centro e a inmensa maioría son nenos. Veñen sempre enganados en orixe buscando unha vida mellor e fuxindo de guerras e miserias.

O traballo con eles é bastante difícil, básicamente que aprendan o idioma e darlles unha formación e estabilidade para que cando cumplan a maioría de idade podan ter un futuro fora da marxinalidade.

#### *2. Cales son as condicións nas que chegan? (Referidas aos coidados)*

As condicións nas que chegan normalmente non son as óptimas dunha nena ou neno da súa idade. Hai que ter en conta que cando ingresan nun centro de menores é porque algo non vai ben no seu entorno ou cando se detecta algunha carencia que pode influir no desenrolo integral do e da menor tanto a nivel familiar como social, económico ou emocional.

A idades máis temperás o normal é que os ingresos se produzan por falta de coidados, negligencia ou maltrato, nestes casos os nenos e nenas máis pequeniños chegan desnutridos, deshidratados, mal coidados e con falta de estimulación e tamén con efectos de maltrato.

A medida que son máis maiores a estes efectos hai que sumarlle tamén os emocionais e psicolóxicos, xa teñen algo máis de conciencia dos acontecementos e eso lles produce un dano emocional e psicolóxico.

#### *3. Cómo é o trato que reciben os nenos e nenas nos centros?*

O trato que se lles dará dependerá da súa problemática. No centro tratamos de dar solución a todas as súas carencias e necesidades tanto físicas como psicolóxicas e emocionais. Tentamos dar unha solución integral, para elo facemos unha avaliación inicial coa axuda do servizo

médico, do servizo de traballo social e do servizo de psicoloxía. Unha vez que evaluamos xa pasamos a programar ás actividades e actuacións necesarias para tentar mitigar todos os danos que estes neos e nenas podan ter.

As educadoras e educadores ofrecemos os nosos coñecementos e o noso traballo para que normalicen as súas vidas, acompañámoslos en todo momento e convertímonos nas súas persoas de referencia para que non boten de menos nada que unha nenaou neno que viva nun ambiente normalizado ( casa, pais e nais, etc).

#### *4. Se se poñen enfermos quen os leva ao hospital ou quen os trata?*

Cando algún ou algunha menor ten un problema de saúde primeiro o levamos ó noso servizo médico para unha primeira avaliación, se os coidados ou o tratamento requiren un ingreso nun centro hospitalario somos as educadoras e educadores os que os acompañamos e coidamos deles mentres dure a enfermidade. Cando teñen que ir a un especialista a consulta tales como dentista, oculista, etc somos tamén nós quen os acompañamos.

#### *5. Quen se preocupa polos seus estudos?*

Eles son os que teñen que preocuparse polos seus estudos, é broma. O estudio e a formación é tamén un tema importante e moitas veces complicado para estes rapaces e rapazas polo seu dano emocional e psicolóxico. Cando unha nena ou neno ingresa nun centro como o noso se lle asigna un educador-tutor que será tamén neste aspecto educativo a súa referencia. O estudio diario o fará acompañado por él que atenderá todas as súas demandas educativas e tamén acudirá ó seu colexio para realizar as tutorías correspondentes.

### **\*\*\* Sanidade**

- ★ <https://www.msmanuals.com/es-es/hogar/salud-infantil/aspectos-sociales-que-afecta-n-a-los-ni%C3%B1os-y-a-sus-familias/cuidado-infantil>
- ★ <https://www.redaccionmedica.com/recursos-salud/diccionario-enfermedades/cuidados-preventivos-ninos>
- ★ <https://espanol.nichd.nih.gov/salud/temas/infantcare/informacion>